

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA APOIO Á FORMACIÓN ESPECIALIZADA EN NEUROLOXÍA

OBXECTIVO

En reunión da Xunta Directiva da Sociedade Galega de neuroloxía, con carácter extraordinario acordouse convocar axudas para a realización de estancias en centros de referencia en Neuroloxía cos seguintes obxectivos:

1. Ampliar formación académica en áreas específicas da Neuroloxía en centros especializados de referencia
2. Ampliar a formación nas técnicas utilizadas nas distintas áreas da Neuroloxía que se poidan implementar posteriormente no centro de orixe e no resto de centros da comunidade galega.
3. Promover actividades de investigación que contribúan a mellorar o coñecemento, prevención e tratamento das enfermidades neurolóxicas

Os centros serán de libre elección polos solicitantes, entre aqueles con programas apropiados ó respecto. Requírese o orixinal da Carta de Pre-aceptación do Centro de destino para o proxecto presentado, a aprobación da Comisión de Docencia no caso de que se trate dun especialista en Neuroloxía en formación ou a aprobación da Xefatura Servizo no caso de ser xa un facultativo especialista.

A retribución da axuda realizarase no transcurso dos 365 días posteriores á súa aceptación e a súa concesión non constituirá en ningún caso relación contractual, laboral ou estatutaria coa Sociedade Galega de Neuroloxía.

DOTACIÓN.

A dotación das axudas destinadas a este obxectivo pode ser variable.

A dotación económica distribuirase entre as solicitudes seleccionadas pola comisión avaliadora ata un máximo de tres mil euros por solicitude. Da dotación económica deducirase o importe da retención que estableza a normativa fiscal española.

Enténdense como gastos da estancia aqueles derivados da viaxe, seguro médico e outros variables que se xeren durante a estancia e que sexan debidamente xustificadas mediante facturas por parte da persoa solicitante. A asignación económica aboarase na conta bancaria designada polo bolseiro da seguinte maneira: o 50% ó inicio da estancia e o outro 50% ó finalizar a mesma. Todos eles deberán estar relacionados exclusivamente co obxectivo da estancia e debidamente xustificadas.

Para poder realizar o abono inicial, xunto co resto da documentación requerida, o solicitante deberá adxuntar unha previsión de gastos e ó finalizar a estancia deberá aportar:

1. A documentación que xustifique os gastos
2. Certificado de Estancia do centro receptor
3. Informe Final das actividades desenvolvidas

O abono final deberá ser aprobado pola Xunta Directiva da Sociedade Galega de Neuroloxía.

PRAZO DE SOLICITUDE

As solicitudes envaranse ao correo electrónico secretaria@neuroloxia.com. Desde a secretaría acusarase recibo no prazo máximo de 10 días desde a súa recepción.

O prazo de presentación de solicitudes é desde **o 1 ao 31 de outubro de 2024** ambos inclusive, non admitíndose as presentadas fóra do devandito prazo.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Os requisitos para acceder á axuda económica son os seguintes:

1. Ser especialista en Neuroloxía ou estar no período de formación MIR en Neuroloxía nalgún dos centros acreditados a tal fin na Comunidade Autónoma de Galicia
2. Ser socio numerario da Sociedade Galega de Neuroloxía e estar ó corrente do pago das cuotas
3. Aportar documentación que xustifique os gastos
4. Aceptar e cumprir as condicións e requisitos das Bases da axuda.

SELECCIÓN DOS BOLSEIROS

Dacordo ás Bases da convocatoria, a Xunta Directiva da Sociedade Galega de Neuroloxía en pleno efectuará un proceso de pre-selección, descartándose aquelas solicitudes que non se axusten ás mesmas. Posteriormente, avaliarase a calidade científica dos/as solicitantes sobre a base da documentación aportada.

O veredicto da Xunta Directiva será inapelable e poñerá fin ó proceso de selección. Será publicado na páxina web da Sociedade Galega de Neuroloxía (www.neuroloxia.com) **antes do 30 de novembro de 2024**.

A baremación das solicitudes farase seguindo os seguintes criterios:

AVALIACIÓN DO PROXECTO (máximo 40 puntos)

Claridade e calidade do proxecto	Max 15 puntos
Viabilidade	Máx 10 puntos
Interese estratéxico para a NRL (máx 7,5 puntos)	Máx 7,5 puntos
Impacto no sistema sanitario (máx 7,5 puntos)	Máx 7,5 puntos

AVALIACIÓN do CV do solicitante (máximo 10 puntos)

Número de publicacións en revistas indexadas	Máx 2,5 puntos
Número de publicacións en libros con ISBN	Máx 2,5 puntos
Comunicacións na SGN	Máx 2,5 puntos
Comunicacións noutros congresos	Máx 2,5 puntos

Na avaliación do CV cada un dos aspectos puntuará porcentualmente á puntuación máxima obtida polo mellor CVs dos presentados nesa convocatoria.

A igualdade de puntuacións, teranse tamén en conta os seguintes aspectos:

- A. A adquisición de coñecementos que repercutan positivamente na calidade da atención neurolóxica no centro de orixe e ó resto de especialistas en Neuroloxía de Galicia.
- B. A ausencia doutros ingresos extraordinarios co mesmo obxectivo para o cal se solicita a bolsa

A proposta da Xunta Directiva, as axudas ofertadas poderán ser declaradas desertas.

SEGUIMIENTO DOS/AS ADXUDICATARIOS/AS DAS AXUDAS

Os adxudicatarios das axudas deberán presentar ó final da estancia formativa:

1. Un certificado de estancia no Centro receptor
2. Un informe final onde se detallarán as actividades realizadas e a produción científica xerada durante o disfrute da axuda (artigos, comunicacións a congresos)
3. Unha memoria económica ó final da estancia, onde se reflexen debidamente acreditados os gastos derivados da mesma.
4. Á finalización da estancia, presentará unha memoria da actividade realizada na Reunión Anual da Sociedade Galega de Neuroloxía inmediatamente posterior á súa finalización

FORMULARIO DE SOLICITUDE

Para poder optar ás axudas económicas, os interesados deberán remitir debidamente cumplimentado o Formulario de Solicitud correspondente á convocatoria, que estará dispoñible na páxina web da Sociedade Galega de Neuroloxía (www.neuroloxia.com) (ver **anexo I**).

En dito formulario deberán constar:

- Datos persoais, profesionais e académicos da persoa solicitante
- Obxectivo da estancia
- Descrición a actividade que se vai desenvolver e motivos polos que se solicita a axuda económica
- Potencial repercusión dos coñecementos adquiridos no lugar de traballo da persoa solicitante da axuda ó retorno da estancia
- Previsión de gastos e xustificación dos mesmos

O formulario de solicitud debe ir acompañado da seguinte **DOCUMENTACIÓN**:

- Fotocopia do DNI
- Carta orixinal de aceptación do centro receptor
- Autorización da Comisión de Docencia ou da Xefatura de servizo según o caso
- Fotocopia do título de especialista en Neuroloxía ou certificado de estar realizando o período de formación como MIR

As solicitudes que non se axusten ás normas de presentación anteriormente expostas, serán excluídas no proceso de pre-selección. Coa aceptación das bases o solicitante da axuda comprométese a aceptar expresamente as condicións de oferta da mesma, a interpretación que delas realice a Xunta Directiva e a renunciar expresamente a todo tipo de acción xudicial ou extraxudicial contra o fallo da Xunta Directiva. Por tanto, acepta as Bases da Axuda Económica anteriormente expostas e as que estableza a Sociedade Galega de Neuroloxía para o seguemento da mesma. En caso de incumprimento das mesmas, a axuda económica quedará automaticamente sen efecto, perdendo o dereito ó seu disfrute.

ANEXO I

FORMULARIO DE SOLICITUDE DA BOLSA DE FORMACIÓN DA SOCIEDADE GALEGA DE NEUROLOXÍA

Nome e Apelidos	
Centro de traballo actual	
Número de socio da SGN	
¿Estás ó corrente no pago das cuotas?	Si - Non
Centro e Servizo/Sección de destino da estancia formativa	
Obxectivos da estancia formativa	
Aplicacións da formación obtida no centro de orixe	
Previsión de gastos	
Publicacións en revistas indexadas	
Publicacións en libros con IBSN	
Comunicacións na reunión da SGN	
Comunicacións noutros congresos de Neuroloxía	

<https://www.neuroloxia.com/es/2024/04/25/convocatoria-de-axudas-para-apoio-a-formacion-especializada-en-neuroloxia/>